

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural.

Exposición de motivos

I

A Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, supuxo a consolidación legal dun modelo experimental de desenvolvemento local iniciado en 1990.

A intervención no territorio que pretendía ese modelo tiña como obxectivo a corrección dos desequilibrios territoriais. Partía de estruturas comarcais como pezas básicas para atinxir un desenvolvemento territorial equilibrado e introducía o deseño de instrumentos de planificación comarcal e a creación e designación de órganos encargados da súa execución.

Porén, o tempo transcorrido desde a aprobación da devandita lei amosa uns escasos resultados. Constátase que os instrumentos de xestión e promoción deseñados apenas contribuíron a estimular o desenvolvemento endógeno da xeneralidade das comarcas do país e a dinamizar aquelas de carácter rural con maiores índices de regresión económica e demográfica.

II

Esta lei, considerando as circunstancias anteditas, derroga a regulación da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, no que atinxe aos órganos de xestión e promoción, co obxectivo de mellorar a coordinación das actuacións da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento rural, de xeito que se favoreza dun xeito máis eficaz o desenvolvemento de iniciativas que impulsen a dinamización económica e a mellora da calidade de vida nas áreas rurais de Galicia a través dun enfoque territorial, integrado e participativo, que supere a concepción que presidía a devandita disposición legal.

As modificacións introducidas afectan, en primeiro termo, as fundacións para o desenvolvemento comarcal; derrógase o artigo 25 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, que determinou a composición dos padroados destas fundacións, co fin de que o seu impulso e a súa promoción residan nos axentes públicos e privados de cada territorio, incluíndo non só os representantes dos concellos e dos sectores estratéxicos produtivos da comarca, senón tamén os axentes doutros sectores económicos e sociais da comarca. Con iso, estase a posibilitar que sexan os propios padroados de cada fundación os que establezan a súa composición, e unha maior autonomía de vontade para decidir o

futuro delas en función das características de cada ámbito territorial, sen máis límites ca os establecidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

En segundo lugar, a adopción dunha estratexia coordinada en materia de desenvolvemento rural e comarcal fai que deveña innecesario o mantemento da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, sociedade de carácter instrumental para a realización de actividades de planificación e desenvolvemento comarcal.

Como consecuencia, reorganízanse as competencias en materia de dinamización comarcal para englobalas nas máis amplas de desenvolvemento rural, tendo en conta a existencia de centros directivos administrativos e mesmo doutros entes de dereito público dependentes da Administración galega con competencias análogas, o que, con base nos principios de eficacia e coordinación que presiden a actuación pública, leva a que as funcións desempeñadas ata agora pola devandita sociedade na mencionada materia pasen a ser exercidas polas unidades da propia Administración competentes en desenvolvemento rural.

Nesa liña, prevese un maior protagonismo do centro directivo con competencias en materia de desenvolvemento rural no que atinxe á definición e integración das políticas de desenvolvemento comarcal na estratexia de desenvolvemento rural. Así mesmo, dáselles unha nova redacción ás funcións que desenvolve a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, co fin de asumir parte das actuacións relacionadas co desenvolvemento comarcal, especialmente no relativo á xestión dos centros comarcais. O obxectivo é mellorar a integración destes centros nas estruturas que deseñan e executan a política de desenvolvemento rural, co fin de que contribúan a dar apoio ás iniciativas de desenvolvemento rural, polo que se orienta prioritariamente a súa actividade a impulsar proxectos innovadores dirixidos á dinamización económica e á mellora da calidade de vida nas áreas rurais.

Alén diso, tamén se adecuan as funcións da citada axencia ás previstas no novo período de programación 2007-2013 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural, así como á asunción daquelas funcións relacionadas co desenvolvemento económico e social baixo un enfoque territorial a nivel local e comarcal.

No que atinxe a outras actividades desenvolvidas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia -como é o caso dos servizos que presta de apoio ao desenvolvemento territorial, a través do Sistema de Información Territorial de Galicia, que axuda a unha mellor xestión do territorio e á ordenación do espazo rural e, así mesmo, pode ser unha ferramenta útil para a xestión da conservación da superficie agraria útil e a mobilidade das terras agrarias produtivas-, pasarán a ser desenvolvidas pola sociedade pública creada en

virtude da autorización do artigo 7 da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, xa que dentro do seu obxecto social figuran actividades análogas ás desenvolvidas pola unidade do Sistema de Información Territorial de Galicia, como é a ordenación territorial galega e o mellor aproveitamento das terras para a actividade agraria, en prol de racionalizar o sector público. Se ben correspóndelle ao Consello da Xunta, en virtude do establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da comunidade autónoma, a definitiva decisión sobre a disolución da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, así como a adopción das medidas relativas ao persoal e bens pertencentes ou adscritos a esta.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei, a Lei pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural.

Artigo primeiro.-Modificacións na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal

Un.-O artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20.-*Órganos.*

A coordinación do Plan de desenvolvemento comarcal levarana a cabo o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal da Xunta de Galicia, así como o Consello Comarcal e a Comisión de Comarcalización regulados nesta lei.»

Dous.-O parágrafo primeiro do artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 21.-*Órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal.*

A Xunta de Galicia, a través do órgano que teña asignadas as funcións en materia de desenvolvemento comarcal, exercerá as competencias en materia de elaboración, coordinación e seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.»

Artigo segundo.-Modificacións na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo

Un.-O punto Dous queda redactado nos seguintes termos:

«As funcións da axencia serán:

a) Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións

de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

b) Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.

c) Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.

d) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

e) Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

f) Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

g) Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2007-2013 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.

h) Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

i) A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.»

Dous.-O punto Seis queda redactado nos seguintes termos:

«Os recursos da axencia serán:

a) As consignacións orzamentarias que lle sexan asignadas cada ano para o desenvolvemento do medio rural nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os recursos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e outros fondos comunitarios, en canto proceda a súa consignación.

c) As subvencións e achegas de entidades e institucións públicas ou privadas, así como de particulares.

d) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.»

Disposicións adicionais

Primeira.-*Disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.*

1. Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a proceder á disolución, ao abeiro do previsto nos artigos 45 e seguintes da Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 262 e seguintes do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

2. Facúltase a Xunta de Galicia para que estableza o réxime e destino do patrimonio e do persoal da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, de acordo co previsto nesta disposición adicional.

3. O patrimonio desta sociedade integrarase no patrimonio da comunidade autónoma, que queda adscrito ás entidades dependentes da Xunta de Galicia que asuman a continuidade das actividades e funcións da dita sociedade, de acordo co previsto na normativa aplicable en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

4. O persoal que prestaba os seus servizos na Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia baixo unha modalidade de contrato laboral fixo, e fora seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade consono o previsto na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, ou, se é o caso, de acordo coa normativa vixente no momento da incorporación, terá a opción de integrarse e pasar a prestar servizos, baixo a mesma modalidade contractual e na mesma categoría profesional e nas restantes condicións laborais, na Sociedade Anónima Xestora Bantegal ou na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural consono a regulación prevista nesta disposición adicional.

Para estes efectos, a opción de integración exercease, no prazo dos vinte días seguintes ao acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autorice a disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, consono as seguintes regras:

a) Na Sociedade Anónima Xestora Bantegal, cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 182/2007, do 6 de setembro, como persoal laboral fixo na mesma categoría profesional e nas restantes condicións laborais que teñan no momento da integración:

-O persoal laboral adscrito á Subdirección do Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga).

-O persoal laboral adscrito á Xerencia das categorías profesionais de técnicos superiores (grupo I, categoría 4 e categoría 9), coa excepción da previsión específica regulada na letra seguinte, secretaria

de xerencia (grupo III, categoría 62), ordenanza-condutor e auxiliar de xestión (grupo IV, categorías 16 e 1) e técnico de apoio a sistemas de información (grupo III, categoría 2).

b) No ente de dereito público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como persoal laboral fixo na mesma categoría profesional e nas restantes condicións laborais que teñan no momento da integración:

-O persoal laboral adscrito á Subdirección Técnica e de Estudos.

-O persoal laboral adscrito á Subdirección de Dinamización Comarcal.

-O persoal laboral adscrito á Xerencia das categorías profesionais de técnicos de apoio á xestión (grupo III, categoría 2), condutor (grupo III, categoría 63), oficial administrativo (grupo III, categoría 62), técnicos de deseño (grupo III, categoría 69); técnico superior TIC (grupo I, categoría 19) e técnico medio TIC (grupo II, categoría 7), así como o técnico superior xurídico que presta labores de apoio na xestión das fundacións comarcais.

5. No caso de que non se exerza a opción de integración no prazo previsto, producirase a extinción da relación laboral de acordo co previsto no Estatuto dos traballadores, cos efectos previstos nesa norma.

6. O persoal que prestaba os seus servizos na Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia baixo unha modalidade de contrato laboral temporal manterá a mesma relación, de acordo coas funcións que desempeñaban na devandita sociedade, na Sociedade Anónima Xestora Bantegal ou na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en tanto non se produza o seu cesamento por algunha das causas previstas legalmente.

Segunda.-*Réxime específico das modificacións orzamentarias previstas nesta lei.*

Facúltase a Consellería de Economía e Facenda, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, a aprobar as modificacións orzamentarias previstas para levar a efecto o previsto nesta lei, incluídas as relativas aos orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas afectadas, e será de aplicación a excepción ás limitacións de transferencias de créditos relativa a reorganizacións administrativas prevista no artigo 68.3 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-*Réxime das fundacións para o desenvolvemento das comarcas.*

As fundacións para o desenvolvemento das comarcas rexeranse polo previsto nos seus estatutos e na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Cuarta.-Referencias normativas ao Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial.

As referencias previstas na normativa vixente ao Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial entenderanse efectuadas, de conformidade coas previsións contidas nesta lei, ao órgano da Xunta de Galicia que teña asignadas as funcións en materia de desenvolvemento comarcal.

Disposición transitoria

Única.-Réxime das condicións laborais do persoal afectado pola reestruturación.

En tanto non se desenvolva, se é o caso, a negociación colectiva que estableza o réxime aplicable ao persoal das sociedades públicas e entes públicos afectados pola reestruturación, este rexerá polas seguintes condicións laborais:

1. O persoal que opte pola integración manterá as mesmas condicións laborais e salariais das que gozaba na Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

2. O persoal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural mantense estritamente *ad personam* nas condicións particulares que, con carácter global e en cómputo anual, excedan do conxunto de condicións do persoal integrado e veñan derivadas de normas preexistentes ou acordadas colectivamente.

Disposición derogatoria

Única.-Derrogación normativa.

1. Derróganse os artigos 24, 25 e 26 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal de Galicia.

2. Así mesmo, derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Título competencial.

Esta lei dítase en exercicio das competencias contidas nos artigos 27.24 e 30.I.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Segunda.-Desenvolvemento normativo.

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para desenvolver calquera outro aspecto necesario para a aplicación do disposto nesta lei.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 8 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais CSI-CSIF, CC.OO., UGT, CIG e SPJ-USO, con representación entre o persoal da Administración de xustiza destinado nesta comunidade, sobre o importe do complemento transitorio autonómico (CAT) dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais representativas do persoal ao servizo da Administración de xustiza, no marco da mesa sectorial de negociación deste colectivo, negociaron o novo complemento autonómico transitorio no marco establecido no artigo 12 do Real decreto 1909/2000, do 24 de novembro.

Froito da devandita negociación a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións sindicais CSI-CSIF, CC.OO., UGT, CIG e SPJ-USO, asinaron o día 31 de xullo de 2008 un acordo sobre o importe do complemento transitorio autonómico (CAT) dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Polo exposto, esta dirección xeral

DISPÓN:

Publicar o acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais CSI-CSIF, CC.OO., UGT, CIG e SPJ-USO, con representación entre os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, que se insire a continuación como anexo.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2008.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza

ANEXO

Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre o importe do complemento transitorio autonómico (CAT) dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

Preámbulo.

De conformidade co previsto no artigo 103.3º da Constitución española e en sintonía coa Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical, a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas regula a negociación colectiva dos funcionarios públicos. Neste marco, atendendo as previsións